R A I G A M E

ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME
FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

17 de Maio de 2018
Dep. Legal: Ou 75-2008 Núm. XIV

A XVII Romaría Etnográfica Raigame homenaxea aos fotógrafos ambulantes

A **Romaría Etnográfica Raigame** celebra a súa XVII edición **homenaxeando aos fótografos ambulantes, de rúa, festas, feiras e outras celebracións**, aqueles que dende o comezo da técnica fotográfica recorreron o noso país facendo tomas da paisaxe, das nosas cidades, vilas e aldeas e os seus monumentos, das nosas xentes nas máis diversas situacións da súa vida: traballando, xogando, divertíndose, e tamén nos momentos da morte. Todos eses retratos compoñen un documento etnográfico e antropolóxico de grande valor hoxe en día, cando o tempo fixo desaparecer un modo de vida que evolucionou e mudou de xeito radical. Unha **exposición** mostra unha pequena representación daqueles fotógrafos, que como Rizo na fotografía de arriba, recollía eses momentos cotiáns.

Paralelamente, o **premio honorífico "Adolfo Enríquez"** otórgaselle ao **Museo Etnolóxico**, que dende Ribadavia é un referente a nivel nacional de restauración, conservación e utilizacion de arquivos fotográficos.

O **simposio**, que nesta ocasión se celebrará no Cine Carlos Velo, tratará o valor da fotografía como documento etnográfico e antropolóxico e contará coa participación de Xosé Carlos Sierra, César Llana e Severiano Casalderrey.

Este último será o encargado de poñer **música en vivo á proxección** do primeiro filme de ficción galego, **"Miss Ledya"**, tal como se facía hai cen anos, cando as películas eran mudas. Haberá dous pases xunto co documental **"Galicia y Buenos Aires"**, ambas cintas de José Gil.

Ademais disto, música, baile e canto, gastronomía, xogos populares, teatro e animación de rúa, artesáns mostranto o seu traballo, os Danzantes e a Banda de Vilanova, serán algunhas das moitas actividades da Romaría Etnográfica Raigame 2018.

SUMARIO

CONTIDOS

- Os fotógrafos ambulantes, de rúa, feiras e festas

- Colección fotográficas do Museo Etnolóxico. Ribadavia

- Fondo arquivo gráfico de Xaquín Lorenzo no Museo do Pobo Galego

- José Gil, de "Miss Ledya" ao cinema de emigración

ACTIVIDADES

- Exposición: etnografía e fotografía

- Antigos decorados fotográficos

- Filatelia e Fotografía

- Xogos populares

- Os museos na Romaría

- Teatro e animación de rúa na Romaría Raigame

- Letras Galegas e Teatro Sarabela

- Concurso fotografía 2018

PECHE

- IV premio honorífico "Adolfo Enríquez": Museo Etnolóxico. Ribadavia

Contactos en :
www.romariaraigame.es

Fotografía de "Rizo" da praza de Vilanova dos Infantes. Ca. 1960

A FOTOGRAFÍA E A ETNOGRAFÍA E ANTROPOLOXÍA: OS FOTÓGRAFOS AMBULANTES, DE RÚA, FEIRAS E FESTAS

A fotografía, esa técnica que permite capturar o momento e facelo eterno, foi unha actividade que no último cuarto do século XIX estaba presente en todas as cidades de Galicia e xa entrando no século XX, foise popularizando até ser unha actividade habitual. Dende un primeiro momento, os fotógrafos non se limitaron a tomar retratos no seus estudios, senón que saíron á rúa e buscaron os seus clientes en feiras, festas e todo tipo de acontecementos sociais, e non só na cidade na que residían, tamén desprazándose polas aldeas, ofrecendo os seus servizos a todo aquel que o demandase.

Arriba, os danzantes de Vilanova en Celanovaante unha mesa presidida por Xaquín Lorenzo. Abaixo romeiros no Cristal

Nalgúns casos foron fotógrafos que lograron un recoñecemento pola calidade dos seus traballos e noutros quedaron no anonimato e só as súas fotos chegaron até nós. Coleccións enteiras de retratos familiares, de persoas sen identificar, realizando os máis diversos labores diarios: o día de feira, o traballo do campo, da casa ou traballos comunitarios; e acontecementos relevantes como comuñóns, vodas e tamén entrerros, é dicir, o paso da vida. Unhas feitas coa intención de gardar un momento e outras con clara intención científica, como documento visual dun traballo etnográfico ou antropolóxico.

O minuteiro Santigo Núñez, asíduo á Romaría Etnográfica Raigame

Hoxe, o valor desas fotografías como documentos dun xeito de vida pasado son elementos que aportan gran información no campo da etnografía e antropoloxía. Nalgúns casos son fotografías custodiadas por museos como o Etnolóxico, en Ribadavia, o museo de Pontevedra, ou o Museo do Pobo Galego en Santiago que as restauran, conservan e dan a coñecer en exposicións e publicacións, ofrecendo así un servizo público como memoria da nosa historia. Noutros casos son fotografías de coleccións privadas, moitas delas gardadas en caixas de zapatos, que non saen á luz até que concellos, asociacións ou museos, deciden organizar exposicións de fotografías antigas da comarca. Estas iniciativas, como o blog ourensenotempo.blogspot.com. dirixido por Rafael Salgado, dan valor a todo ese material e en moitos casos aparecen verdadeiras xoias, ben pola súa calidade fotográfica como polo seu valor etnográfico ou antropolóxico.

COLECCIÓNS FOTOGRÁFICAS DO MUSEO ETNOLÓXICO. RIBADAVIA

César Llana[1],
Director do Museo Etnolóxico. Ribadavia

OS FONDOS

As coleccións fotográficas do Museo Etnolóxico reúnen aproximadamente 600.000 imaxes entre as producidas directamente polo Museo, as fotografías procedentes do álbum familiar, os traballos sobre temáticas concretas encargadas *exprofeso* polo Museo e algúns arquivos de fotógrafos profesionais.

O fondo de produción propia oriéntase á recuperación e rexistro de escenas de traballo, festas, obras, transformacións da paisaxe, arquitectura, bens de interese etnográfico ou industrial, etc. As imaxes do álbum familiar proceden na súa práctica totalidade de doazóns, con frecuencia a través da asociación de amigos do museo (AMECHIR); en xeral son seleccións feitas polos propios doadores, sendo pouco frecuente a doazón de álbums completos; cómpre subliñar que este fondo está formado case exclusivamente por copias dixitais, devolvéndose os orixinais aos seus propietarios. No tocante aos fondos de profesionais, trátase polo xeral de arquivos adquiridos trala finalización da vida profesional do(s) autor(es) ou son o resultado de traballos realizados por encargo do Museo.

Chao, Augusto Pacheco, Sancho, Salvador, Bene, Llanos, Hipólito Fernández González, Juan Antonio Gómez Vázquez, Nacho Romero, Santi M. Amil, Seadur, Olivares o Mila Rodero son algúns dos profesionais representados nas coleccións do Museo Etnolóxico.

A CONSERVACIÓN DAS IMAXES

Entre as funcións que a normativa encomenda aos museos está a conservación do seus fondos e coleccións. Función que esixe a intervención de persoal cualificado e o emprego de recursos que requiren inversións non sempre fáciles de lograr. Por sorte, o Museo Etnolóxico conta no seu cadro de persoal cunha técnica restauradora coa preparación e experiencia necesarias para atender a materiais tan complexos de conservar. En efecto, basta pensar na diversidade de soportes –papel, plástico, vidro-, de técnicas -impresión de positivo por contacto directo, revelado e fixado, emulsións de xelatina-, aos que hai que engadir os soportes dixitais, sobre os que aínda estamos coñecendo a súas especificidades de conservación. Bens que unha vez teñen sido obxecto de limpeza, especialmente das emulsións, e eliminado o deterioro biolóxico, son introducidos en sobres de papel libre de ácido e pH neutro, procedéndose ao almacenamento en caixas ou en álbums de conservación; para a rotulación recórrese a marcadores con tinta libre de ácido. Proceso que debe ser obxecto de rexistro normalizado no entorno DOMUS (Sistema Integrado de Documentación e Xestión Museográfica).

A DOCUMENTACIÓN DAS IMAXES

É aquí outra das funcións que compete a un museo: inventariar e catalogar; en definitiva, documentar cada un destes documentos visuais. Responder a que se está a ver nunha fotografía, onde está a ter lugar, quen aparece nela, en que data foi tomada, quen é o seu autor... Preguntas que precisan moitas veces dun traballo de investigación que non sempre chega a bo porto. Labor realizado nos museos para, entre outros propósitos, identificar o ben cara a súa posta a disposición da cidadanía para o seu gozo, estudo... en definitiva para satisfacer necesidades culturais ás que se deben

San Cristovo de Reigodeigón. Foto Olivares

1 mu.etnoloxico.ribadavia@xunta.gal

1ª Feira do Viño do Ribeiro. Foto Chao

Outra foto de Chao na Feira do Viño

as coleccións dos museos estatais ao teren por lei a consideración de bens de interese cultural. Carácter que debe ser harmonizado cos dereitos de propiedade intelectual que lles corresponden a moitos destes documentos. Acceso ao contido dos inventarios e catálogos que o cidadán ten a súa disposición nos centros a través do Sistema Integrado de Documentación e Xestión Museográfica (DOMUS) e, parcialmente, en-liña a través da Rede Dixital de Coleccións de Museos de España (CERES)[2].

A FOTOGRAFÍA NO MUSEO ETNOLÓXICO

O traballo coas coleccións fotográficas abarca dende exposicións temporais e exposicións en liña[3], ata a publicación de catálogos, incluíndo o emprego dos fondos visuais en proxectos de compromiso social. En efecto, como museo de sociedade que é, o Etnolóxico de Ribadavia ten sido pioneiro en desenvolver liñas de traballo con colectivos que requiren unha atención personalizada ou aos que se pode prestar un servizo dende os bens culturais e particularmente a través da fotografía. Estamos a falar do proxecto «Museo Aberto» no

2 http://ceres.mcu.es/pages/ResultSearch?txtSimpleSearch=Fotograf%EDa&simpleSearch=0&hipertextSearch=1&search=simpleSelection&MuseumsSearch=MEROU|&MuseumsRolSearch=1&listaMuseos=[Museo%20Etnol%F3gico%20de%20Ribadavia]

3 Por exemplo, o Museo Etnolóxico ten participado en tódalas edicións de «Patrimonio en Femenino». http://www.mcu.es/museos/MC/PatrimonioFemenino/

Catálogos de sala dispoñibles en http://issuu.com/museoetnoloxicoribadavia/docs/miradas_espazos-folleto-definitivo; folletos de actividades en http://www.slideshare.net/museoetnoloxico/tag/folletos-do-museo-etnoloxico; para consultar publicacións propias do Museo Etnolóxico véxase http://www.pinterest.com/museoetnoloxico/publicacions-do-museo/

Fundadores da Agrupación Fotográfica de Ribadavia. Foto Hipólito Fernández González

que tivemos ocasión de traballar con AFAOR (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzhéimer de Ourense), co Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar (Ourense) e coa delegación da Cruz Vermella en Ribadavia[4]. Neles a versatilidade e o potencial memorizador da fotografía resultaron útiles para desenvolver sesións de reminiscencia con persoas enfermas de alzhéimer, como recurso experimental no traballo coa poboación reclusa e para prospectar a súas posibilidades no traballo con persoas con discapacidade psíquica. Experiencia que mereceu a mención de honra no III Premio Iberoamericano de Educación e Museos e da cal ten sido publicada a correspondente memoria recollendo tanto a formulación como os resultados obtidos[5].

PROXECTOS DE FUTURO

A notable colección reunida no Museo Etnolóxico está chamada a asumir protagonismo no futuro do centro. É evidente que tal volume de documentación visual pode servir para coñecer aspectos da nosa historia cotiá, axudando a discernir nas memorias as construcións debidas ás experiencias persoais dos datos reais. Fotografías e outros documentos visuais, que resultan ser fontes moi explícitas para coñecer aspectos tales como as dotacións de todo tipo, a evolución do vestido na moda e no traballo, as transformacións operadas no uso dos espazos públicos e privados, para coñecer o real grado de desenvolvemento tecnolóxico nunha comarca concreta... en definitiva para acceder a ventás ao pasado desde as que observar e/ou contrastar as diversas, ou non tanto, construcións sociais nos últimos cento e pico de anos.

E isto sen esquecer nin o noso pasado como institución museal, nin o noso compromiso social. Hoxe, isto último plasmado no compromiso na exploración do servizo que como dotación cultural pública debemos aos emigrantes, exiliados e refuxiados, facilitándolles o acceso á cultura e contribuíndo á súa visualización na nosa sociedade.

4 Exemplos destas actividades en http://museoetnoloxicoribadavia.blogspot.com.es/search?updated-max=2012-09-05T03:19:00-07:00&max-results=10&start=30&by-date=false

https://www.facebook.com/pages/MUSEO-ETNOLOXICO-RIBADAVIA/179525058772680

5 Braña Rey, Fátima; Iglesias Armada, María Pilar; Lamas Casado, Rosa; Sierra Rodríguez, Xosé Carlos (2017): Museo aberto: saltando valados. Ourense. Xunta de Galicia. Museo Etnolóxico.

FONDO ARQUIVO GRÁFICO DE XAQUÍN LORENZO NO MUSEO DO POBO GALEGO

Alexa García Pose, MPG

Xaquín Lorenzo veu cumprido o soño de crear un museo etnográfico de Galicia en 1977 cando Pío Cabanillas, ministro de Cultura, inaugura as primeiras salas do MPG, institución da que foi presidente do Padroado ata o seu pasamento en 1989. Como non podía ser doutro xeito, cede o seu legado intelectual ao museo onde se inclúen, entre outros, fondos bibliográficos, gráficos así como os dereitos sobre súa obra.

Xocas coñeceu a fotografía con Augusto Pacheco, fillo do acreditado fotógrafo afincado en Ourense, José Guedes Pacheco. Desde moi cedo, Xaquín entendeu a fotografía coma arte e así o demostran as moitas experiencias creativas realizadas: bodegóns, composicións e retratos, con emprego de efectos especiais, combinación de luces e sombras e uso de elementos tan dispares como a madeira, a area, o papel, o cartón ou as serraduras; ademais, el mesmo revelaba e positivaba os negativos. Usouna tamén como apoio documental aos traballos de campo, fotografías de autoría propia que ilustran os seus estudos arqueolóxicos e etnográficos. Sirvan de exemplo as 163 fotografías tiradas por el e recollidas na obra Etnografía e Cultura material. Ed. Nós. Bos Aires, 1962.

Na actualidade o fondo gráfico do legado Xaquín Lorenzo depositado no MPG, ascende a 2000 rexistros, que inclúen: postais antigas e modernas, diapositivas de temática arqueolóxica, negativos e fotografías, a maioría en branco e negro e feitas polo propio Xocas. Tamén as hai de autoría descoñecida e de fotógrafos consagrados (xa sexan orixinais ou reproducións) como Suárez, Ksado, Pacheco ou Roisin. E o máis importante, o copión (copia en positivo da película sen sonorizar na que se determina a montaxe) de "O carro e o home", unha das películas fundacionais do cinema galego. Rodada no verán de 1940 en Lobeira, con presupostos ideolóxicos e estéticos de preguerra, foi dirixida por Antonio Román, pero a idea, o guión e o asesoramento foron de Xocas que nos anos 80, coa colaboración de Eloy Lozano, restaurouna e incorporoulle unha nova locución coa súa propia voz.

O legado fotográfico pódese dividir en varios apartados:

- Fotografía etnográfica
- Fotografía de arte e arquitectura
- Fotografía arqueolóxica
- Fotografía íntima/persoal

Fotografía dun carro tomada en Allariz

Dentro da serie etnográfica, destacan as paisaxes, as xentes, os costumes e os oficios. Así, non faltan as referidas ao carro, a súa fabricación, aos usos e aos camiños polos que andaba. Os traballos do campo e do mar e os seus apeiros; os oficios do tecido, do barro, das peles, da madeira, ou dos muiños. Son significativas as referidas ás incontables feiras, festas, romarías, tradicións e crenzas.

Polo que atinxe á arquitectura e á arte, distinguir entre a relixiosa, con catedrais, igrexas, capelas, cemiterios e a arquitectura civil de pazos, castelos ou pontes. Tamén a arquitectura popular de petos de ánimas, cruceiros, hórreos, fontes e lavadoiros, foxos, albarizas, pombais, muíños, pendellos e casas.

Fotografías arqueolóxicas das excavacións nas que participou, así como os achados atopados: esculturas, aras, estelas, muíños de man, restos óseos, útiles pétreos e metálicos, mosaicos ou cerámicas.

Por último, en canto á fotografía íntima ou persoal, hai que salientar os retratos que fixo aos amigos e os que lle fixeron fotógrafos recoñecidos. Sen esquecer as fotografías nas que el está retratado, xa sexan nas moitas homenaxes e premios (Trasalba, Pedrón de Ouro, Fillo predilecto de Ourense, Homenaxe Concello de Muiños ou en Bos Aires), co seu alumnado ou nas celebracións con familia e amizades.

Pescadores nos Peares

Arriba, facendo cordas
e á esquerda, cargando un coleiro de uvas

JOSÉ GIL, DE "MISS LEDYA" AO CINEMA DE EMIGRACIÓN

Severiano Casalderrey



A referencia a José Gil (1870-1937) sitúase como unha das máis interesantes na aproximación a fotografía e o cinema de Galicia anterior á Guerra Civil Española (1936-39). Falamos dunha figura cuxo legado foi fundamental para entender as bases do que foi a industria cinematográfica galega primixenia nos tempos do cine mudo, un soño que desgraciadamente sería truncado co fin da II República. Entre os seus logros estarían fitos indiscutibles como a realización da primeira ficción fílmica do país, "Miss Ledya" (1916), así como un cinema de emigración que se convertería en todo un modelo a seguir por outros documentalistas da época.

Natural de Rubiás (concello de As Neves, Pontevedra), a súa carreira iníciase no campo da fotografía. Os seus primeiros pasos documentan a súa presenza en Ourense, afincándose en Vigo no ano 1903. Por estes anos, participaba en xornais como corresponsal fotográfico, ademais de expoñer en exposicións. Sería en 1907 cando se interese pola cinematografía, empregada inicialmente como ferramenta para dar a coñecer os seus traballos fotográficos.

Será a partir de 1910 cando inicie a súa carreira oficial como operador de cámara. As súas primeiras creacións estarían vinculadas á sala de Isidro Pinacho, o principal exhibidor cinematográfico de Vigo a través da súa sala coñecida como o "Palacio da Ilusión". Tras estes primeiros pasos con cintas pertencentes ao xénero das "actualidades", daría o salto ao campo da ficción coa célebre "Miss Ledya". Primeira mostra galega destas características, a cinta amosaba todos trazos característicos doutros filmes da época, contando no seu reparto co mesmísimo Alfonso Castelao.

Paralelamente a súa labor cinematográfica, Gil emprendería unha importante tarefa como representante da marca automobilística Ford en Vigo. Precisamente, a mestura destas dúas grandes paixóns levaríao a recorrer distintos pobos e



Arriba, imaxe de José Gil

Á direita, fotografía tomada por José Gil do peirao de Vigo



Fotograma do filme* Miss Ledya *(1916)

cidades de Galicia. Isto permitiulle gravar distintas localidades galegas empregando o propio vehículo como trípode móbil e espazo de revelado, o que lle permitía proxectar as imaxes na mesma vila que el visitaba.

A partir dos anos 20, o autor inicia unha última etapa importante da súa vida a través da súa nova produtora Galicia Cinegráfica. Esta empresa permitiulle exercer labores de produción e exhibición, ademais de tocar novos xéneros como o "noticiario" e a "publicidade". O seu traballo no marco do documental seguiría ampliando fronteiras a través do chamado "cinema de emigración". Tratábase dun tipo de cine de correspondencia que pretendía facer chegar aos emigrantes galegos imaxes das festas, costumes e outras facetas da terra que supoñían unha clara mostra de amor inconfundible ao país. Entre estas creacións de carácter etnográfico destacarían títulos como "Nuestras fiestas de allá" (1928) e "Galicia y Buenos Aires" (1931).

Este pioneiro galego veríase sumido nunha vida ata certo punto atormentada por mor de certos reveses familiares. Traxedias como a morte das súas tres fillas en idade temperá sumiríano pouco a pouco na desgraza, ata o punto de levalo a perder a súa fortuna. A mediados dos anos 30 filmaría a súa última realización, morrendo pouco despois no ano 1937. Sería enterrado no camposanto de Pereiró (Vigo), xunto coas súas fillas.

Fotograma do filme* Galicia y Buenos Aires *(1931)

Proxección na Romería Raigame dos filmes "Miss Ledya" e "Galicia y Buenos Aires":

A recuperación cinematográfica de cintas do pasado non só supón unha importante labor cultural, senón tamén patrimonial. Os dous casos que nos ocupan corresponden igualmente a pezas fundadoras da cinematografía galega. O visionado de "Miss Ledya" permite recoñecer a necesidade de expresar historias universais valéndose de icónicas localizacións galegas, entre elas o Balneario da Toxa ou as ribeiras do río Lérez. Pola súa banda, a cinta "Galicia y Buenos Aires" móstrase como un documento imprescindible, non só polo retrato de costumes e labores características, senón tamén por amosar imaxes da nacente república española nos inicios dos anos 30.

A actualización de filmes como os presentes contan cunha dificultade extra: a sonorización das súas imaxes mudas. Sería no ano 2016, con motivo do centenario da estrea de "Miss Ledya", cando xorde a posibilidade de musicalizar esta película. A proposta acabaría enfocándose no sentido máis tradicional da época, nacendo así unha partitura para piano pensada para a súa interpretación ao vivo, tal como era característico na época. O traballo emprendido en "Galicia y Buenos Aires" marcaría unha actuación diferente, de tal xeito que músicas gravadas de arquivo supoñen unha fonte imprescindible para ambientar os impoñentes paisaxes galegos. Dúas formas de actuación que se converterán no complemento imprescindible destes dous títulos clásicos do cinema galego.

Severiano Casalderrey Conde

Nace en Pontevedra en 1980. Titúlase en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela en 2002, acadando o Título Superior de Piano un ano despois. Exerce labores docentes desde o ano 2003, actividade que complementa coa programación de cinema, e a interpretación pianística en concertos. Participou como xurado en festivais de España, Portugal e Taiwan, así como poñente en festivais e distintas universidades. Nos últimos tempos, destaca pola composición dunha música orixinal para o filme "Miss Ledya" (1916), partitura que puido interpretar ao vivo en distintas localidades galegas.

EXPOSICIÓN: ETNOGRAFÍA E FOTOGRAFÍA

A Romaría Etnográfica Raigame organiza unha exposición sobre os fotógrafos e a etnografía e antropoloxía. Uns paneis situados na rúa de Celanova, en Vilanova dos Infante, dan unha rápida e sistemática revisión ao traballo de máis de vinte fotógrafos que dende finais do século XIX até pasada a metade do XX retrataron o noso pobo, as nosas xentes, realizando a vontade ou sen querer, un amplo e variado estudo antropolóxico e etnografíco, documentando momentos relevantes e cotiáns da nosa historia.

Os paneis aportan uns cantos datos biográficos dos autores e están acompañados dalgunhas fotografías representativas do seu traballo. Dende os pioneiros da fotografía como Zagala, Reboredo ou o Estudio Pacheco de Ourense, polo que pasaron numerosos fotógrafos nos seus inicios, até chegar a outros máis recentes como o ourensán Rizo, Estalote de Santiago ou o Estudio Chao de Ribadavia. Tamén se recordan a outros que fixeron o seu traballo con claras intencións de investigación como a estadounidense Ruth Matilda Anderson, o noso "Xocas", Xaquín Lorenzo Fernández, ou o antropólogo e folclorista danés Gustav Henningsen, que recorreron a nosa terra en diferentes épocas. E faise unha relación de fotógrafos ambulantes que non acadaron a sona doutros, que traballaron na súas comarcas retratando acontecementos da xente máis humilde: vodas, bautizos, comuñóns, e sobre todo retratos familiares e fotografías para carnets e pasaportes, pero non por iso menos importantes que os outros. Tal é o caso de Xosé Collazos, o "Retratista de Matamá", de Laza, Salvador López Requejo, de Maceda, ou Manuel Garrido de Parderrubias, A Merca.



Arriba, panel correspondente a Xaquín Lorenzo Fernández, Xocas, no seu papel como fotógrafo

Á dereita, fotografía de Manuel Garrido, fotógrafo ambulante de Parderrubias, A Merca

ANTIGOS DECORADOS FOTOGRÁFICOS NA ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME

Os fotógrafos ambulantes tiñan que levar o material necesario para desenrolar o seu traballo sen saber en que circunstancias o ían desenrolar. Ademais da cámara fotográfica, soían acondicionar un espazo cun decorado de fondo, que polo xeral era unha saba, e algún mobiliario, como unha cadeira. Noutras ocasións utilizaban a natureza como fondo, dando así máis liberdada á creatividade do artista.

Máis adiante, cando a fotografía era xa algo habitual, apareceron decorados troquelados, a modo de broma, que podían representar diferentes situacións, como as que aparecen nas imaxes que acompañan este artigo. O cliente só tiña que colocar a cabeza na posición adecuada e sairía retratado toreando vestido co traxe de luces, condicindo unha motocicleta ou sentado nun flamante coche de época.

Os decorados do toureiro e o das motocicletas son reproducións dos utilizados polo fotógrafo monfortino Salustiano Vila, que emigrou a Cuba dende a súa aldea natal en Ferreiros. Contaba que alá aprendera o oficio de fotógrafo. Regresou pouco antes do ano 1930 e primeiro facía as fotos ao aire libre detrás da súa casa, para despois acondicionar un cuarto a modo de estudio fotográfico.

Recorreu feiras e festas facendo retratos e o seu fillo Arcadio acompañouno, continuando co oficio unha vez que Salustiano o deixou, e a saga segue con neto, tamén Arcadio, quen ademais de continuar co negocio familiar e conservar decorados tan orixinais como estes, conta coa cámara de placas que utilizaba o seu avó, e que pesaba sobre setenta quilos, xunto con outras catrocentas, conformando a mellor colección de cámaras de Galicia.

Estes son algúns dos decorados nos que os asistentes á Romaría Etnográfica Raigame poderán retratarse. Arriba e á esquerda, copia dos decorados de Salustiano Vial, cedidos polo seu neto Arcadio.

Abaixo, un decorado realizado para a ocasión a partir dunha fotografía de Manuel Garrido, de Parderrubias, A Merca.



A FILATELIA E A FOTOGRAFÍA

Un ano máis, a Sociedade Filatélica Miño participa na Romaría Raigame cunha exposición na que mostran selos relacionados co tema central da festa, nesta ocasión, a fotografía. Ademais, presentan o selo que crean para a ocasión.

Marila Abad,
Sociedade Filatélica Miño

A maioría dos historiadores consideran o ano 1839 como o ano cero da fotografía propiamente dita; tal ver por iso en 1939 Francia emite un selo dedicado ao centenario.

En 1955 unha cámara de fotos aparece nun selo alemán dedicado aos productos ópticos na Feira de Leipzig. En España isto acontece en 1981 nun selo que homenaxeaba á prensa. O ano máis prolífico foi o 1989 no que moitos países elixiron o tema ao conmemorarse o 150 aniversario.

A Sociedade Filatélica Miño pon en circulación, por primeira vez, un selo dedicado á fotografía no que figura unha máquina de fuelle da colección de Foto Villar.

XOGOS POPULARES NA ROMARÍA RAIGAME CCP XAQUÍN LORENZO E MUSEO DO POBO GALEGO

Como vén sendo habitual nos últimos anos, o **Campo da Escola** será o espazo elexido para a celebración da actividade de **Xogos Populares** na Romaría Etnográfica Raigame, que nesta edición, ademais da coordinación do **CCP Xaquín Lorenzo**, contará coa colaboración do **Museo do Pobo Galego** a través da **Oficina de Socias e Socios**.

Ademais dos habituais xogos dos zancos, a ra, os aros, a chave, as buxainas... cos que todos os anos disfrutan grandes e pequenos, dende o Museo do Pobo Galego propoñen unha relación de xogos divididos en función do tempo: **xogos para tempo solleiro** como a ***pita cega, as catro esquinas, o pulso e pulso navarro, a roda***...; para **tempo chuviñento** o xogo do ***lagarto, lagarto, o leito, as tabas, alquerque de nove...***; **para xogar sen material** os xogos das ***adiviñas, o vexo, vexo, trabalinguas, contando e inventando contos...***

Ademais está previsto organizar un **obradoiro de construción de xoguetes tradicionais** como ***barquiños de noz, zoadeiras, voadores, monicreques ou mariquiñas.***



O MUSEO ETNOLÓXICO E O MUSEO DO POBO GALEGO NA ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME

O Museo do Pobo Galego, que o ano pasado celebrou o seu corenta aniversario, e o Museo Etnolóxico, nesta edición da Romaría Etnográfica Raigame galardoado co premio honorífico "Adolfo Enríquez", estarán presentes con postos situados ao carón do cine Carlos Velo, nun recuncho da Praza Maior de Vilanova.

Ademais de colaborar coa organización da Romaría Raigame tanto nas proxeccións do cine, a realización do simposio e a montaxe da exposición sobre os fotógrafos que se describiu anteriormente, teñen o seu espazo no que exporán diversas publicacións que estes museos realizan periodicamente, así como información sobre as actividades que desenrolan ao longo do ano. Carteis de actividades, exposicións, conferencias e outras moitas iniciativas que desenrolan dentro da programación que ofertan á nosa sociedade dentro da súa misión como institución pública.



Arriba e á esquerda, carteis anunciadores dalgunhas dal últimas actividades organizadas polo Museo Etnolóxico. Ribadavia (MER)

Arriba e á dereita, actividades e publicacións do Museo do Pobo Galego (MPG)

TEATRO E ANIMACIÓN DE RÚA NA ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME 2018

Teatro, grupos de música, de baile, de canto, animación de rúa, etc., son actividades que ao longo da xornada do 17 de maio están programandas para goce dos asistentes a Vilanova dos Infantes na celebración da XVII Romaría Etnográfica Raigame.

Ao redor de vinte **agrupacións de baile tradicional** actuarán polas diferentes prazas da vila, e á unha e media do medio día, os **Danzantes de Vilanova** realizarán na Praza Maior a Danza da Virxe do Cristal, e xunto cos tres **grupos de pandereteiras** e tres **conxuntos musicais**, encargaranse de que o folclore estexa presente dende o comezo da festa até o remate, ás sete da tarde no Campo da Escola. Un pequeno concerto de canto e música tradicional no que se poderá bailar coa música do Grupo Tradicional da Escola de Música de Trasmiras, o grupo de pandereteiras "Forrollo" de Celanova e o grupo musical da agrupación "Castro Floxo" porá final á xornada. Previamente, ás seis da tarde, a **Banda de Música de Vilanova** ofrece o seu concerto do día das Letras Galegas, e pola mañá, a **Coral De Ruada** actuará na igrexa de San Salvador a medio día e a continuación na praza Tralacerca.

O treatro terá a súa cita na **Praza do Castelo** con dúas agrupacións en dous pases cada unha, á mañá e á tarde. A compañía **Sarabela Teatro** recordará a María Victoria Moreno (homenaxeada no día das Letras Galegas) coa obra inspirada nos seus poemas ***Isto é unha caixa!*** e a agrupación **Teatro O Cubo** ofrecerá o seu espectáculo de mimo, acrobacias, malabares, teatro e música.

Polas rúas de Vilanova tamén nos poderemos atopar co **"Cé orquestra pantasma"**, baixo o que se agocha o vigués César Freiria, músico autodicacta e apaixoado dos instrumentos musicais. Comezou a súa andaina musical aos oito anos dentro da música tradicional e dende aquela non deixou de navegar polos variados estilos da música popular, chegando a formar parte de grupos tan dispares entre si como *A Roda* ou banda de punk *Oxtiax ke te Pariu*.

E o menciñeiro **Buqueiras o Novo**, personaxe inspirado nos menciñeiros cunqueiráns e interpretado por Pepe Penabade, que tira dun carromato polos camiños do país cargado de remedios naturais (loureiro, unto, allos macho,etc) exercendo a menciña tradicional. Entre outras cousas saca a sombra íspera aos tolos, e levanta a paletilla 'de palabra'.

Cé Orquestra Pantasma

Buqueiro o Novo tratando a unha paciente

TEATRO Ó CUBO CO ESPECTÁCULO "GHOP"

Teatro "Ó cubo" xurde no ano 2016 a partires das forzas creativas de tres artistas: Sofía Espiñeira, Roberto Casal Mouriño y Fredi Muíño, cada un deles formado en diferentes disciplinas. Co teatro actoral como eixo común, pasando pola danza, o circo, os títeres e a música, estes tres artistas conforman unha compañía multidisciplinar. Os tres comparten un espazo creativo que lles serve ao mesmo tempo de local de ensaio e lugar no que poñer en común as súas inquietudes. Neste espazo de convivencia e baixo este pretexto, o de sumar e formar equipo, nace a compañía **Teatro ó cubo**.

A compañía "Teatro ó Cubo" trae o seu espectáculo "Ghop!", un circo clásico de variedades, dos de toda a vida, que chegan por segundo ano á vila de Vilanova dos Infantes para participar na Romaría Etnográfica Raigame cargadiño de diversión entre malabares, acrobacias, monicreques, baile e sorprendentes personaxes que farán as delicias de grandes e pequenos.

Unha actuación de malabares da compañía de teatro "Ó Cubo"

SARABELA TEATRO: ISTO NON É UNHA CAIXA!

O día das **Letras Galegas** deste ano 2018 está dedicado a **María Victoria Moreno**, estremeña de nacemento pero que dende os vinte e catro anos viviu en Pontevedra, onde foi catedrática e deu clases de lingua e literatura españolas.

O seu amor pola lingua galega fixo que se implicara profundamente na vida cultural do país, chegando a dar clases clandestinas de galego durante a dictadura, o que fixo que lle retiraran o pasaporte. A súa obra literaria céntrase principalmente na **narrativa infantil e xuvenil** (*Mar adiante, O cataventos, Guedellas de seda e liño...*) pero tamén realizou estudos literarios, ensaios, poesía e traballos sobre a didáctica na lingua e literatura galegas.

Teatro Sarabela, inspirándose na obra de María Victoria Moreno, creou unha representación que fará disfrutar a todos os rapaces (e maiores) que se acheguen a Pz. do Castelo ás 11.30 e ás 17.00.

A partir dunha caixa de cartón, imos crear e recrear universos. Unha caixa non é só un cartón cadrado ou rectangular. É unha infinidade de obxectos cos que mirar un novo mundo, fomentando a imaxinación e o xogo.

Dúas mozas, Nola e María, descobren unha caixa de cartón. Xogan con ela a transformala, ao tempo que elas tamén se transforman. Cada posición e cada novo elemento da caixa van acompañados dunha historia, un conto ou un cachiño de bica.

Poemas de María Victoria Moreno para acompañar as transformacións, porque con bica e poesía pódese chegar á lúa!

***A compañía Sarabela Teatro interpretando a obra* Isto non é unha caixa!**

BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA da ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME

Con motivo da celebración da XVII Romaría Etnográfica Raigame, organizada polo "Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández" da Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Celanova, que terá lugar en Vilanova dos Infantes (Celanova-Ourense) o día 17 de maio de 2018, convócase o XVI Concurso de Fotografía "Romaría Etnográfica Raigame", que estará regulado polas seguintes **BASES**

1. Os interesados poderán participar a nivel individual ou como colectivo, asociación cultural, grupo folclórico, etc.

2. Os temas abordados no concurso deberán recoller aspectos da xornada de celebración da Romaría Raigame que terá lugar o día 17 de maio de 2018 en Vilanova dos Infantes (Celanova-Ourense).

3. O concurso terá 3 modalidades nas que os concursantes poderán participar simultaneamente cun único traballo en cada unha delas:

a. Concurso **MELLOR SERIE FOTOGRÁFICA**: premiarase a mellor serie composta por un mínimo de 3 fotografías e un máximo de 5, que deberán ter unha unidade temática e/ou narrativa referente a algún aspecto da Romaría Etnográfica Raigame. A serie deberá ir acompañada dun título e un pequeno texto explicativo do traballo.

b. Concurso **MELLOR FOTOGRAFÍA**: non se poderán presentar máis de 3 fotografías por autor. Premiarase unha única fotografía por autor.

c. Concurso **MELLOR FOTOGRAFÍA TEMÁTICA**: o motivo dos traballos deberá estar intimamente relacionado co tema central da Romaría Raigame, sendo nesta edición **"Os fotógrafos ambulantes e de rúa"**. As fotografías, que poderán ser tido tomadas en calquera lugar e momento, deberán levar un título e ir acompañadas por un texto explicativo. Só se poderán presentar 3 fotografías por autor, premiándose unha única fotografía.

Todas as fotografías presentadas deberán ser orixinais en cor ou en branco e negro e presentaranse impresas en papel fotográfico acompañadas dun CD cos documentos informáticos orixinais. **O tamaño das fotografías será de 30x40 cm. sen montar** para todas as categorías.

4. Premios:

a. Concurso MELLOR SERIE FOTOGRÁFICA:
Premio de 300 euros.
Premio de 200 euros.
Premio de 150 euros.

b. Concurso MELLOR FOTOGRAFÍA:
Premio de 200 euros.
Premio de 150 euros.
Premio de 100 euros.

c. Concurso MELLOR FOTOGRAFÍA TEMÁTICA:
Premio de 200 euros.
Premio de 150 euros.
Premio de 100 euros.

5. O xurado será nomeado polos organizadores da XVII Romaría Etnográfica Raigame e os gañadores das tres categorías poderán ser convidados a formar parte do xurado da próxima edición do concurso. As súas decisións serán inapelables, podendo deixar algún premio deserto e conceder accésits especiais, así como modificar o número de premios e as súas cantidades en función da calidade e o número de traballos presentados.

6. Os traballos deberán ser remitidos antes do 31 de Xullo de 2018 ao "C. C. P. Xaquín Lorenzo", ou ao Concello de Celanova, baixo pseudónimo, **facendo constar a modalidade na que participa** e acompañados dun sobre pechado onde se incluirán os datos do participante: nome, dirección, teléfono e correo electrónico.

7. Unha vez que o xurado falle os premios, estes daranse a coñecer aos gañadores por correo electrónico e a través dos medios de comunicación. Os premios serán entregados coincidindo coa inauguración da exposición e os galardoados serán citados previamente a través dunha comunicación persoal.

8. As fotografías premidas, xunto cunha selección do xurado de entre os traballos presentados, configurarán a exposición "Estampas dunha romaría", dentro da programación do festival Outono Fotográfico.

9. Os traballos premiados quedarán en propiedade da Organización, podendo facer uso deles (total ou parcialmente en publicacións, exposicións, carteleira, ou mediante outro medio) nomeando a súa autoría.

10. Os traballos non premiados poderán ser recollidos durante os dous meses posteriores ao 15 de outubro de 2018, no "C. C. P. Xaquín Lorenzo" da Deputación Provincial. Unha vez pasado ese tempo, os traballos pasarán ao arquivo da Organización e poderán ser utilizados nomeando a súa autoría.

11. A participación no concurso implica a total aceptación das presentes bases.

"COMPLICIDADE", serie de cinco fotografías de José Manuel Nóvoa, gañador do premio á mellor Serie Fotográfica no ano 2017

ESTAMPAS DUHA ROMARÍA. EXPOSICIÓN

Un ano máis, a Romaría Etnográfica Raigame estivo presente na programación do **Outono Fotográfico** coa exposición formada polas fotografías presentadas ao concurso correspontente á edición de 2017 seleccionadas polo xurado. A súa inauguración tivo lugar na Sala de Arcos do Concello de Celanova, o 4 de novembro do pasado ano, acto ao que asistiron os galardoados e no que se fixo entrega dos diplomas correspondentes aos traballos premiados.

Asistentes ao acto de inauguración da exposición "Estampas dunha Romaría" en Celanova

Esta exposición, que estivo aberta ao público durante tres meses, puido ser visitada en Celanova até mediados de decembro, despois mostrouse nas instalacións do CCP Xaquín Lorenzo en Ourense até o 15 de Xaneiro e por último, a Asociación Fotográfica "Os Potiños" do Carballiño tívoa exposta na vila do Arenteiro até mediados de Febreiro.

A exposición estaba formada polos traballos seleccionados polo xurado de 11 autores distintos que participaron con 36 fotografías. Destas, 2 correspondían á categoría de Fotografía Temática, sección que se inauguraba no concurso, 11 á de Mellor Fotografía e 23, de 5 autores, á de Mellor Serie, ofrecendo así unha ampla e variada visión da Romaría Etnográfica Raigame.

A participación no concurso desta edición de 2017 superou a treintena de fotógrafos, chegados de moi diversos lugares da nosa comunidade, con perto de 50 traballos. Esta ampla participación fixo complicadas as decicións do xurado. Hai que salientar a participación na categoría de Mellor Serie, na que se presentaron 20 obras. Este volume de traballos tamén se fixo significativa na calidade dos mesmos, xa que viuse un salto cualitativo con respecto ás obras doutros anos, o que dá mostras do interese que suscita entre o público asistente á Romaría Raigame.



Á esquerda, a fotografía de Isabel Janeiro, "Mirada galega", e abaixo a de José Manuel Nóvoa, "Felo de Garabás", gañadoras ex aequo *na categoría de Fotografía Temática*

Arriba, a fotografía de Beatriz Cabanelas, titulada "O encanto dun momento", gañadora do 1º premio na categoría de Mellor Fotografía

Á direita, o traballo de Isabel Janeiro, que co título de "Retrato de familia", foi merecedora do 2º premio



A fotografía de Manuel Pazos, "Foliada" recibíu o 3º premio na categoría de Mellor Fotografía

PREMIO ADOLFO ENRÍQUEZ 2018: MUSEO ETNOLÓXICO. RIBADAVIA: ARQUIVO FOTOGRÁFICO

O **Premio Honorífico Adolfo Enríquez** da Romaría Etnográfica Raigame recae este ano 2018 no **Museo Etnolóxico**, institución que ten colaborado coa Romaría Raigame en numerosas ocasións aportando información, asesoramento, material e participando activamente na súa realización, sendo nos últimos anos, os encargados de xestionar o Cine Carlos Velo da Romaría Raigame cos documentais etnográficos e antropolóxico. O seu traballo na recuperación, conservación, tratamento e divulgación dos fondos fotográficos que posúe, está intimamente ligado co tema central da presente edición da Romaría Raigame, a fotografía como ferramenta etnográfica e antropolóxica.

O Museo Etnolóxico ten a súa sede en Ribadavia, no antigo pazo de Baamonde, polo nome do seu propietario de finais do século XIX ou casa da Fundación por ter acollido a Fundación Martínez Vázquez. O museo, orixinariamente coñecido como Museo de Artes e Costumes Populares foi creado por decreto no ano 1969, integrándose no ano 1982 no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense como sección etnográfica. **Abriu ao público en 1986** e adquire a súa independencia como institución museal no ano 1993 coa denominación de Museo Etnolóxico.

A tipoloxía de fondos custodiados polo museo é ampla e variada, salientando as seccións de etnografía, fotografía, cerámica, e téxtil. Tampouco podemos esquecer os arquivos orais e audiovisuais e un notable fondo documental e bibliográfico.

No que vai de século XXI, o museo adquiriu unha inxente cantidade de imaxes fotográficas relativas a vida e historia da comarca do Ribeiro, e tamén outras que documentan diferentes zonas de Galicia, acadando deste xeito unha colección de extraordinaria categoría e interese etnográfico e histórico. Entre os seus fondos conta cos arquivos de fotógrafos coñecidos como Chao, Llanos e Bene, pero tamén doutros con moita menos sona, pero non por iso menos valiosos, como Salvador López, Juan Antonio Gómez Vázquez, Hipólito Fernández Gómez, etc.. O seu traballo na restauración, conservación e tratamento deste material é punto referente en Galicia, sendo pioneiros na organización de curso de restauración e técnicas de conservación de arquivos fotográficos, sendo un dos últimos en 2015, "O arquivo fotográfico. Estudo e accións preservadoras". Exposicións fotográficas e a fotografía como aporte documental a outros elementos, publicacións nas que a fotografía é a protagonista, cesión de copias a investigadores e interesados na fotografía, son algunhas das moitas actividades que o Museo Etnolóxico realiza relacionado co campo fotográfico.

Entre as exposicións fotográficas máis destacadas temos que citar, entre outras moitas, "A mirada dos espazos: camiño dunha antropoloxía visual", ou "Miradas a la arquitectura popular en España. Colección fotográfica de Carlos Flores", esta en colaboración co Museo Etnográfico de Castilla y León, sen esquecernos da colaboración anual co Outono Fotográfico dende practicamente o seu inicio.



Cuarto volume da publicación* Álbums para o reencontro. Ribadavia e os ribadavienses*, editado polo Museo Etnolóxico

Organizan:
DEPUTACIÓN OURENSE
OU REN SANÍA
CENTRO DE CULTURA POPULAR XAQUÍN LORENZO
CONCELLO DE CELANOVA
Colaboran:
Comunidade veciñad de Vilanova dos Infantes
Fundación Curros Enríquez
XUNTA DE GALICIA
//ABANCA